



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### *Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

Extracto del Acuerdo de Junta de Gobierno Local de fecha 18 de septiembre de 2023 por el que se convocan subvenciones para la rehabilitación en el ámbito del área de regeneración y renovación urbana del barrio de Vite del Ayuntamiento de Santiago de Compostela en desarrollo de los Acuerdos de la comisión bilateral de 29 de octubre de 2020 y de 1 de diciembre de 2021.

##### **BDNS (Identif.): 721397**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/721397>)

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

##### **OBJETO**

El objeto y la finalidad de esta convocatoria es la concesión de ayudas para actuaciones de rehabilitación de edificios residenciales en el Área de Regeneración y Renovación Urbana del barrio de Vite de Santiago de Compostela, de acuerdo con el compromiso adquirido por el Ayuntamiento en el Acuerdo de la Comisión Bilateral firmado el 1 de diciembre de 2021 relativo a la FASE 4.

##### **REGULACIÓN**

Esta convocatoria se regulará por las bases recogidas en la propia disposición publicada en la página web municipal del Ayuntamiento de Santiago de Compostela correspondiente a la Oficina de Rehabilitación y Vivienda en la siguiente dirección:

([http://santiagodecompostela.gal/casa\\_concello/servizo.php?txt=ser\\_rehabilitacion\\_vivendas&lg=gal&c=30](http://santiagodecompostela.gal/casa_concello/servizo.php?txt=ser_rehabilitacion_vivendas&lg=gal&c=30))

##### **NÚMERO DE ACTUACIONES Y CRÉDITO PRESUPUESTARIO**

El número de actuaciones disponibles en total es de 96, con una cuantía total máxima de las subvenciones convocadas de 672.000,00 €, con cargo a la aplicación presupuestaria 2023 050 15220 7800002 del proyecto de gasto con financiamiento afectado 2022 2 AVITE 4.

##### **PERSONAS BENEFICIARIAS**

Podrán tener la consideración de beneficiarias de estas ayudas las personas físicas o jurídicas que asuman de forma efectiva el coste de la ejecución de las actuaciones objeto de la subvención y sean:

- 1 Propietarias únicas de edificios.
- 2 Propietarias de viviendas.
- 3 Propietarias de locales con uso distinto al de vivienda.
- 4 Arrendatarios das viviendas.

Las personas beneficiarias deberán, además de cumplir con los requisitos y obligaciones establecidos en las bases, destinar el importe íntegro de la ayuda al pago de las actuaciones correspondientes y destinar la vivienda a residencia habitual, propia o en régimen de alquiler, por un período de cinco (5) años.

##### **ACTUACIONES SUBVENCIONABLES**

Serán subvencionables las actuaciones de rehabilitación ejecutadas sobre edificios de uso residencial que se localicen en el ámbito del área de rehabilitación integral objeto de la convocatoria.

Únicamente se considerarán subvencionables las actuaciones de rehabilitación sobre elementos e instalaciones comunes de edificios de uso residencial colectivo.

Las actuaciones en los edificios se tipifican, de acuerdo con la regulación recogida en las bases, como de mejora de la seguridad de utilización y de la accesibilidad, de mejora de la eficiencia energética y sostenibilidad, y de adecuación a la normativa vigente.

El promotor de las actuaciones deberá haber solicitado la licencia urbanística o, de ser el caso, haber presentado la comunicación previa correspondiente, dentro del plazo establecido para la solicitud de las ayudas.

Las actuaciones no podrán estar comenzadas con anterioridad al 12.03.2018, fecha de la entrada en vigor del Plan Estatal de Vivienda 2018-2021, con la excepción de aquellas actuaciones iniciadas con anterioridad cuando sus promotores hubieran solicitado en plazo la subvención correspondiente al anterior plan de vivienda.

### **RÉGIMEN DE CONCESIÓN DE LAS AYUDAS**

El procedimiento de concesión será el ordinario de concurrencia competitiva en función del tipo de actuación de rehabilitación objeto de la ayuda, de acuerdo con la tipificación que se establece en las bases reguladoras, y de la fecha de solicitud de la autorización municipal correspondiente para la ejecución de las actuaciones.

### **COMPATIBILIDAD DE LAS AYUDAS**

Las subvenciones de este programa son compatibles con cualquier otra ayuda pública, siempre y cuando la suma del importe de todas ellas no supere el coste total de la actuación concreta, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 17.3 de la Ley 9/2007, de subvenciones de Galicia.

No podrán ser beneficiarias de este programa las personas beneficiarias de las ayudas del Programa de mejora de la eficiencia energética y sostenibilidad en viviendas, del Programa de fomento de la conservación, de la mejora de la seguridad de utilización y de la accesibilidad en viviendas, del Programa de fomento del parque de vivienda en alquiler y del Programa de fomento de viviendas para personas mayores y personas con discapacidad, del Plan estatal de vivienda.

### **CUANTÍA DE LAS SUBVENCIONES**

La cuantía total de la ayuda será la que resulte de aplicar el menor de los límites porcentuales y unitarios recogidos en los siguientes apartados.

#### **VIVIENDAS**

A cargo de la consignación correspondiente al Ministerio, las ayudas serán:

a. Límite individual porcentual subjetivo.

El cálculo del límite individual de la ayuda se realizará aplicando, sobre la participación de la persona beneficiaria en el coste del presupuesto subvencionable, el porcentaje que resulte según la relación R entre los ingresos totales ponderados de la unidad de convivencia de la persona beneficiaria residente en la vivienda o edificio y el índice público de renta para efectos múltiples.

Dicho porcentaje alcanzará los siguientes valores:

- Para R inferior a 3:  $T = 75\%$
- Para R igual o superior a 3:  $T = 40\%$

b. Límites unitarios por tipo de actuación.

12.000 euros/vivienda en actuaciones de mejora de la eficiencia energética y la sostenibilidad y 8.000 euros/vivienda en el resto de actuaciones subvencionables, incrementado en 1.000 euros en los edificios catalogados.

En caso de existir consignación correspondiente a la Xunta de Galicia, las ayudas correspondientes serán:

a. Límite individual porcentual del 10% aplicado sobre la participación de la persona beneficiaria en el coste del presupuesto subvencionable.

b. Límites unitarios por vivienda rehabilitada de 4.000 €.

#### **LOCALES**

La cuantía total de la ayuda (a cargo de la consignación correspondiente al Ministerio) será la que resulte de aplicar el menor de los siguientes límites:

a. Límite individual porcentual del 40% aplicado sobre la participación de la persona beneficiaria en el coste del presupuesto subvencionable.

b. Límite unitario de 120 euros/m<sup>2</sup> construidos de local, más 10 euros/m<sup>2</sup> en los edificios catalogados.

**PLAZO DE SOLICITUD**

El plazo de presentación de las solicitudes será de un (1) mes contado a partir del día siguiente a la publicación de esta convocatoria en el Boletín Oficial da Provincia. En caso de que dentro de dicho plazo se incluya algún día del mes de agosto, el plazo será de dos (2) meses.

**PLAZO DE JUSTIFICACIÓN**

Se establece como fecha límite de justificación del remate de las actuaciones el 31 de diciembre de 2026. En la disposición se detalla la documentación necesaria para la solicitud y la justificación de la subvención.

Tras el transcurso de tres (3) meses desde la comunicación al Ayuntamiento del remate de las actuaciones sin que se sea notificada la resolución de la ayuda a la persona beneficiaria, esta se entenderá denegada.

**ÓRGANOS MUNICIPALES COMPETENTES**

La Oficina municipal de Rehabilitación será la responsable de la tramitación de los expedientes relativos a las solicitudes de ayuda a la rehabilitación que se regulan en estas bases.

La Comisión evaluadora estará compuesta por tres funcionarios adscritos a dicha Oficina o, en su defecto, al Área de Urbanismo del Ayuntamiento, actuando como secretario/a, sin voto, un/una funcionario/a de la Oficina.

El órgano competente para acordar las resoluciones relativas a las subvenciones tramitadas de acuerdo con las presentes bases será la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Santiago.

Los acuerdos de la Junta de Gobierno Local de concesión o denegación de las subvenciones ponen fin a vía administrativa.

Santiago de Compostela

18/9/2023

Jefe de la Oficina de Rehabilitación y Vivienda\_ Javier Fernández Muñoz

Estrato do Acordo de Xunta de Goberno Local de data 18 de setembro de 2023 polo que se convocan subvencións para a rehabilitación no ámbito da área de rexeneración e renovación urbana do barrio de Vite do Concello de Santiago de Compostela en desenvolvemento dos Acordos da comisión bilateral de 29 de outubro de 2020 e 1 de decembro de 2021.

**BDNS (Identif.): 721397**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/721397>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones, publíquese o estrato da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**OBXECTO**

O obxecto e finalidade desta convocatoria é a concesión de axudas para actuacións de rehabilitación de edificios residenciais na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do barrio de Vite de Santiago de Compostela, de acordo co compromiso adquirido polo Concello no Acordo da Comisión Bilateral asinado o 1 de decembro de 2021 relativo á FASE 4.

**REGULACIÓN**

Esta convocatoria regularase polas bases recollidas na propia disposición publicada na páxina web municipal do Concello de Santiago de Compostela correspondente á Oficina de Rehabilitación e Vivenda na seguinte dirección.

([http://santiagodecompostela.gal/casa\\_concello/servizo.php?txt=ser\\_rehabilitacion\\_vivendas&lg=gal&c=30](http://santiagodecompostela.gal/casa_concello/servizo.php?txt=ser_rehabilitacion_vivendas&lg=gal&c=30))

**NÚMERO DE ACTUACIÓNS E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O número de actuacións dispoñibles en total é de 96, e a contía total máxima das subvencións convocadas ascende a 672.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2023 050 15220 7800002 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2022 2 AVITE 4.

**PERSOAS BENEFICIARIAS**

Poderán ter a consideración de beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas que asuman de xeito efectivo o custo da execución das actuacións obxecto da subvención e sexan:

- 1 Propietarias únicas de edificios.
- 2 Propietarias de vivendas.
- 3 Propietarias de locais cun uso distinto ao de vivenda.
- 4 Arrendatarios das vivendas.

As persoas beneficiarias deberán, ademais de cumprir cos requisitos e obrigas establecidos nas bases, destinar o importe íntegro da axuda ao pagamento das actuacións correspondentes e destinar a vivenda a residencia habitual, propia ou en réxime de alugueiro, por un período de cinco (5) anos.

**ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

Serán subvencionables as actuacións de rehabilitación executadas sobre edificios de uso residencial que se atopen no ámbito da área de rehabilitación integral obxecto da convocatoria.

Unicamente consideraranse subvencionables as actuacións de rehabilitación sobre elementos e instalacións comúns de edificios de uso residencial colectivo.

As actuacións nos edificios tipifícanse, de acordo coa regulación recollida nas bases, como de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade, de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade, e de adecuación á normativa vixente.

O promotor das actuacións deberá ter solicitado a licenza urbanística ou, de ser o caso, ter presentado a comunicación previa correspondente, dentro do prazo establecido para a solicitude das axudas.

As actuacións non poderán estar comezadas con anterioridade ao 12.03.2018, data da entrada en vigor do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, coa excepción daquelas actuacións iniciadas con anterioridade cando os seus promotores solicitaran en prazo a subvención correspondente ao anterior plan de vivenda.

**RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS**

O procedemento de concesión será o ordinario de concorrencia competitiva en función do tipo de actuacións de rehabilitación obxecto da axuda, de acordo coa tipificación que se establece nas bases reguladoras, e da data de solicitude da autorización municipal correspondente para a execución das actuacións.

### COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Plan estatal de vivenda.

### CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

A contía total da axuda será a que resulte de aplicar o menor dos límites porcentuais e unitarios recollidos nos seguintes apartados:

#### VIVENDAS

A A cargo da consignación correspondente ao Ministerio, as axudas serán:

a. Limite individual porcentual e subxectivo.

O cálculo da axuda máxima individual a cargo do Ministerio realizarase aplicando sobre a participación da persoa beneficiaria no custo do orzamento subvencionable a porcentaxe (T) que corresponda en función da relación ( $R = IT/IPREM$ ) entre os ingresos totais (IT) que acredite a unidade de convivencia da persoa beneficiaria, sempre que sexa residente na vivenda ou edificio obxecto das actuacións, e o índice público de renda para efectos múltiples (IPREM) referido a 14 pagas en vigor durante o período ao que se refiran os ingresos avaliados, a porcentaxe da axuda será:

- Para R inferior a 3:  $T = 75\%$
- Para R igual ou superior a 3:  $T = 40\%$

O primeiro considerado como axuda incrementada e o segundo considerado xeral.

Estas porcentaxes aplicaranse tamén no caso de que a unidade de convivencia da persoa beneficiaria non resida na vivenda obxecto das actuacións no momento da solicitude de axudas precisamente pola falta de condicións de habitabilidade cuxa adecuación sexa o obxecto das actuacións subvencionables.

b. Limites unitarios por tipo de actuación.

O límite da axuda por vivenda rehabilitada do edificio obxecto da intervención será, segundo a tipoloxía das actuacións, unha ou varias das contías unitarias seguintes:

12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite con accións de mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade tipificadas nesta convocatoria.

8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite no resto de tipos de actuacións subvencionables.

A contía unitaria da vivenda incrementaranse en 1.000 euros cando o edificio obxecto da actuación estea catalogado, declarado ben de interese cultural ou conte con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

B No caso de existir consignación correspondente á Xunta, as axudas correspondentes serán:

a. Limite individual porcentual e subxectivo.

O limite individual porcentual será do 10% da participación da persoa beneficiaria no custo do orzamento subvencionable.

b. Limites unitarios por tipo de actuación.

O límite unitario por vivenda rehabilitada será de 4.000 €.

#### LOCAIS

A contía total da axuda (a cargo da consignación correspondente ao Ministerio) será a que resulte de aplicar o menor dos seguintes límites:

a. Limite individual porcentual.

O cálculo da axuda máxima individual realizarase aplicando sobre a participación da persoa beneficiaria no custo do orzamento subvencionable a porcentaxe  $T = 40\%$ .

b. Limite unitario.

Calcularase multiplicando a súa superficie construída en metros cadrados de local comercial ou outros usos pola contía unitaria de 120 euros, incrementada en 10 euros cando o edificio obxecto da actuación estivera declarado ben de interese cultural, catalogado ou contara con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

#### **PRAZO DE SOLICITUDE**

O prazo de presentación das solicitudes será de un (1) mes contado a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. No caso de que dentro de dito prazo se inclúa algún día do mes de agosto, o prazo será de dous (2) meses.

#### **PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

Atendendo ao prazo de vixencia (de cinco (5) anos) do ACB, e o recollido nos Criterios interpretativos sobre os prazos de execución e concesión de axudas no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, de data 4/08/2022, emitidos pola Directora técnica de Fomento do IGVS, establécese como data límite de xustificación do remate das actuacións o 31 de decembro de 2026.

Na disposición detállase a documentación necesaria para a solicitude e a xustificación da subvención.

Tras o transcurso de tres (3) meses dende a comunicación ao Concello do remate das actuacións sen que se sexa notificada a resolución da axuda á persoa beneficiaria, esta entenderase denegada.

#### **ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPETENTES**

A Oficina municipal de Rehabilitación será a responsable da tramitación dos expedientes relativos ás solicitudes de axuda á rehabilitación que se regulan nestas bases.

A Comisión avaliadora estará composta por tres funcionarios adscritos á antedita Oficina ou, no seu defecto, ao Área de Urbanismo do Concello, actuando como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da Oficina.

O órgano competente para acordar as resolucións relativas as subvencións tramitadas de acordo coas presentes bases será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago.

Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

Santiago de Compostela

18/9/2023

O xefe da Oficina de Rehabilitación e Vivenda\_ Javier Fernández Muñoz

2023/8193